

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

4521 *Real decreto 320/2015, do 24 de abril, polo que se modifican os reais decretos 1075/2014, do 19 de decembro, 1076/2014, do 19 de decembro, 1077/2014, do 19 de decembro, e 1078/2014, do 19 de decembro, ditados para a aplicación en España da política agrícola común.*

Tras a publicación do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural; do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común; do Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas, e do Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola, detectáronse algúns erros neles, o que fai preciso levar a cabo modificacións puntuais en tales normas, en todo caso dentro do período da solicitude das axudas correspondentes.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de abril de 2015,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.*

O Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, queda modificado como segue:

1. O número 4 do artigo 73 substitúese polo seguinte:

«4. O límite cuantitativo aplicable a esta medida para as zonas de montaña máis rexión insular é de 733.323 cabras e, para a rexión resto de España, de 929.130 cabras.»

2. O número 3 do artigo 83 substitúese polo seguinte:

«O límite cuantitativo aplicable a esta medida é de 1.075.355 animais.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común.*

O número 1 do anexo V do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común, substitúese polo seguinte:

«1. Unha relación detallada de todas e cada unha das parcelas da súa explotación, de acordo co disposto no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.»

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas.*

O Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas, queda modificado como segue:

1. A letra a) do número 3 do artigo 2 substitúese pola seguinte:

«a) Para a declaración das superficies de pastos utilizados en común, conforme o recollido no anexo XIV do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.»

2. O número 2 do artigo 6 substitúese polo seguinte:

«2. No caso de que con posterioridade á solicitude de axuda ou inscrición no rexistro correspondente se comprobe que a información rexistrada no SIXPAC non é a correcta, aplicarase o réxime de infraccións e sancións que corresponda. Unicamente quedará exonerado o solicitante mediante demostración fidedigna de que puxo en coñecemento da autoridade competente, nos prazos establecidos no número 3 do artigo 7 deste real decreto, a discordancia constatada, a cal non foi atendida por causas non imputables a el, tanto se a información procede do propio solicitante como se procede doutras fontes. No caso concreto da solicitude de axudas dos pagamentos directos e medidas de desenvolvemento rural no ámbito do sistema integrado, aplicaranse as penalizacións e, de ser o caso, a devolución dos pagamentos indebidamente percibidos, recollidas nos artigos 102 e 106 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.»

3. A segunda frase da disposición transitoria única substitúese pola seguinte:

«En calquera caso, as comunidades autónomas deberán tomar as medidas oportunas para que se rexistren nesa capa as superficies de interese ecolóxico que procedan para cada campaña, antes de iniciar o cálculo do importe do pagamento para prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente a que se fai referencia no artigo 17 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.»

4. A letra e) do número 1 da parte I «Características da base de datos», do anexo I, substitúese pola seguinte:

«e) Particularidades topográficas ou elementos da paisaxe, segundo se definen no artigo 2.e) do Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola.»

Artigo cuarto. *Modificación do Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola.*

No anexo II, BCAM 4, do Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola, o parágrafo quinto substitúese polo seguinte:

«O disposto nos respectivos primeiros parágrafos dedicados a cultivos herbáceos e cultivos leñosos (parágrafos primeiro e terceiro desta BCAM 4, cobertura mínima do solo), non será de aplicación no caso de parcelas de cultivo de superficie igual ou inferior a unha hectárea, no caso de parcelas de cultivo irregulares ou alongadas cuxa dimensión mínima no sentido transversal á pendente sexa inferior a 100 metros en calquera punto da parcela e cando, por razóns de mantemento da actividade produtiva tradicional, a Administración competente determine e autorice aquelas técnicas de agricultura de conservación que se consideren adecuadas.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de abril de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA